O acoso sexual é unha manifestación das relacións de poder. **Non é unha conduta patolóxica.**

O acoso sexual pode producirse nas relacións de traballo e **no marco de calquera actividade.**

O acoso sexual ten un **impacto directo na saúde** e atenta contra a **dignidade** das persoas.

*«Constitúe acoso sexual calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual, que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo».*

Art. 7 LOI 3/2007

O acoso sexual pode realizarse a través das novas tecnoloxías. É **violencia dixital** aquela agresión que se realiza a través das novas tecnoloxías, mediante redes sociais, correos electrónicos, dispositivos móbiles, ordenadores, etc.


Unión Profesional de Galicia

Rúa do Banquete de Conxo, 6
15706 Santiago de Compostela
Teléfonos: : 881 168 635/ 600 766 276
Correo electrónico: secretaria@unionprofesionaldegalicia.com
Web: www.unionprofesionaldegalicia.org

**COAFGA**
**Colexio de Administradores de Fincas de Galicia**

Rúa Juan Florez 49-2º Dereita
15004 A Coruña
Teléfono: 981 126 162
Correo electrónico: coafga@coafga.com
Web: www.coafga@coafga.com


Coa colaboración de

AGAXEN [illegible]

XUNTA DE GALICIA

DL C1019-2018



# O acoso sexual é un delito!

# TOLERANCIA CERO no ámbito laboral

XUNTA DE GALICIA



*Se estás sufrindo unha situación de acoso sexual nunca penses que es responsable.*

***Cóntalle a túa experiencia a unha persoa de confianza.***

***Enfrontarse ao acoso sexual é esgotador. Busca axuda!***

## Que deben facer as empresas

- ✔ Dar cumprimento ao mandato legal de previr o acoso sexual.
- ✔ Negociar un protocolo de prevención ante calquera tipo de acoso.
- ✔ Establecer un procedemento de denuncia.
- ✔ Crear unha comisión de acoso que vele por un contorno libre de condutas susceptibles de vulnerar a dignidade das persoas.
- ✔ Crear unha cultura de empresa que non tolere comportamentos violentos.
- ✔ Establecer normas e valores contrarios a calquera tipo de acoso.

Os estudos da OIT indican que as políticas e prácticas contra o acoso sexual deberían incluír catro elementos principais:

1. unha declaración de criterios ou principios;
2. un procedemento de denuncia adaptado ao acoso sexual, que respecte a confidencialidade;
3. sancións disciplinarias progresivas;
4. unha estratexia de formación e comunicación.

## Como previr situacións de acoso sexual

- ✔ Identificar que situacións son susceptibles de seren consideradas acoso sexual.
- ✔ Coñecer o procedemento para activar o protocolo.
- ✔ Esixir un contorno libre de acoso sexual.
- ✔ Informar a dirección da empresa ou a representación social da existencia de comportamentos que atenten contra a dignidade.
- ✔ O acoso non é unha patoloxía.
- ✔ Non denuncialo pode ter consecuencias graves para a saúde da vítima e doutras posibles vítimas.
- ✔ Recibir a información necesaria para poder previr e evitar comportamentos discriminatorios.
- ✔ A falta de prevención e actuación ante unha situación de acoso sexual é un incumprimento moi grave: non abandonar o traballo.
- ✔ Saber a onde acudir e como obter axuda.
- ✔ Esixir un compromiso para garantir o dereito a queixarse "sen represalias".

### Ponte en contacto e solicita información en:

**UNIÓN PROFESIONAL**
secretaria@unionprofesionaldegalicia.com
Rúa do Banquete de Conxo, 6
15706 Santiago de Compostela
Teléfonos: : 881 168 635/ 600 766 276
Web: www.unionprofesionaldegalicia.org

**COAFGA**
coafga@coafga.com
Rúa Juan Florez 49-2° Dereita
15004 A Coruña
Teléfono: 981 126 162
Web: www.coafga@coafga.com

**Todas as entidades empregadoras teñen a obriga de previr e actuar ante o acoso.**